

Código do documento	Código do expediente
UCP14I01OH	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5E28 0H56 2J0E 4K62 12M6	

MMM

RESOLUCIÓN

O expediente para a contratación do servizo denominado escolas culturais e deportivas 2020-2021 iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adelante, LCSP) a adjudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os informes que emitiu a secretaria xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente, de carácter desfavorable, e a fiscalización deste pola Intervención Municipal.

Vistos os antecedentes que constan no expediente, o informe emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e de acordo co disposto no artigo 117 LCSP,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación do servizo denominado "escolas culturais e deportivas 2020-2021", de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento de adjudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación, de acordo co establecido no artigo 131.2 LCSP, entre os que se da preponderancia a aqueles que fan referencia a características do obxecto do contrato que poden avaliarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adjudicación e o informe de insuficiencia de medios, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 165.944,8 € con cargo as seguintes anualidades:

Lote	Aplicación	Orzamento 2020	RC	Orzamento 2021	RC
1. Actv culturais	3341-22609	23.469,88 €	220200008390	59.978,59 €	220209000004
2. Actv. deportivas	341-22609	23.202,09 €	220200008391	59.294,24 €	220209000005

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada de facenda,
patrimonio e administración electrónica
(asinado dixitalmente)

Dou fe,
A secretaria xeral
(asinado dixitalmente)